

Análise dunha experiencia APS na Facultade de Ciencias

Pimentel Pereira, Manuel¹; Sahuquillo Balbuena, Elvira²

¹*Contratado Doutor*, ²*Titular Universidade, Facultade de Ciencias*

PALABRAS CLAVE: Aprendizaxe Servizo, Innovación, Competencias, Proxectos.

RESUMO: Para provocar un cambio no xeito que ten o alumnado de aproximarse aos contidos da materia Fanerogamia, troncal do 3º do Grao en Bioloxía, considerada excesivamente teórica e de pouco interese na sociedade actual, planteouse no curso 2016-2017 aplicar a metodoloxía APS (Bringle & Hatcher, 1996; Astin *et al.* 2000). A proposta consistiu en contactar con dúas ONG ambientalistas as cales plantexaron unha serie de proxectos que foron consensuados cos profesores da materia. Así mesmo, explicouse ós alumnos a posibilidade de participar nesta metodoloxía e pedíronse voluntarios. Esta actividade sería paralela a outros traballos de investigación teórica que realizan o resto dos estudantes mais coa mesma carga de créditos e peso na cualificación final. Os estudantes escolleron o proxecto no que desexaban traballar e realizárono en grupos. Representantes das ONG explicaron a cada grupo de alumnos o seu proxecto, para que os estudantes percibisen a problemática social que había detrás do traballo que se lles pedía, a importancia de aplicar os coñecementos adquiridos con rigor e a responsabilidade que asumían á hora de desenvolver o proxecto. Por outra banda, os estudantes terían que organizar o traballo en grupo e, finalmente, presentar os resultados aos membros das ONG.

Para avaliar o proxecto APS deseñáronse enquisas como un cuestionario con escala tipo Likert e unha rúbrica para os profesores (Campo 2015). Como resultado, é salientable a gran aceptación e a melloría na percepción da materia por parte dos estudantes, aumentando a súa comprensión e interese polos contidos. Entre os problemas o volume de traballo e a organización temporal. Por parte das ONG perciben a necesidade de implicarse máis no desenvolvemento dos traballos e clarificar mellor o proceso de avaliación. No profesorado, os problemas xurdiron pola escasa flexibilidade das guías docentes e o volume de traballo xerado.

Análise dunha experiencia APS na Facultade de Ciencias

Aplicouse a metodoloxía APS na materia Fanerogamia (3º Bioloxía) Excesivamente teórica
Propia doutras épocas



Percepción estudante

- Obxectivos:** i) incidir na visión dos estudantes sobre a materia
 ii) mellorar a comprensión dos contidos
 iii) desenvolver competencias profesionalizantes

Metodoloxía

Colaboración con dúas ONG para Mellorar a percepción da problemática social dos proxectos plantexados.
Necesidade de aplicar os coñecementos con rigor e responsabilidade.



Participantes voluntarios e traballo en grupos


- Avaliación final:** *Presentación as ONG dos resultados.
 *Defensa do traballo.
 *Opinión das ONG sobre o traballo desenvolvido.

Resultados

A pesar da baixa participación nas enquisas detectáronse beneficios e problemas na aplicación da metodoloxía APS.

Beneficios estudantes:

- Melloría na percepción da materia.
- ★ Aumentou a comprensión e interese polos contidos das materias da Área.
- Adquisición de competencias profesionais.
- ★ Ampliación do seu campo profesional.
- ★ Aumentó a percepción da necesidade de traballar en grupos, mellor interdisciplinares.





Beneficios ONGs

- ★ Satisfacción polos resultados dos traballos

Problemas ONGs:

- ★ Clarificar mellor o proceso de avaliación
- ★ Implicarse máis no desenvolvemento dos traballos



Beneficios profesorado:



- ★ Satisfacción mellor rendimento dos estudantes e percepción da materia
- ★ Detección de problemas na materia

Problemas profesorado:

- ★ Pouca flexibilidade das guías docentes
- ★ Volume de traballo xerado
- ★ Complexidade do recoñecemento académico

Problemas estudantes:

- ★ Volume de traballo.
- ★ Organización temporal ó solaparse a fase de máis traballo cos exames.
- ★ >Implicación dos estudantes na organización



2. REFERENCIAS

- Astin, A. W., Vogelgesang, L. J., Ikeda, E. K. & Yee, J. A. (2000). How service learning affects students. *Higher Education*, pp. 144.
- Bringle, R. G., Hatcher, J. A. (1996). Implementing Service Learning in Higher Education. *The Journal of Higher Education* 67, pp. 221-239.
- Campo, L. (2015). Evaluar para mejorar los proyectos de aprendizaje servicio en la universidad. *RIDAS, Revista Iberoamericana de Aprendizaje y Servicio*, 1, pp. 91-111. DOI 10.1344/RIDAS2015.1.6.